

Ilmo. Señor Alcalde:

D./Dña. \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_ veciño/a de  
NOME E APELIDOS DNI / T. RESIDENTE

\_\_\_\_\_, en \_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_\_  
CONCELLO POBOACIÓN / RÚA / AVDA. / PRAZA / ETC NÚM-PISO-PORTA

( \_\_\_\_\_ ), como \_\_\_\_\_,  
C. POSTAL RESIDENTE NA ZONA / ADXUDICATARIO DUNHA VIVENDA NA RÚA... / PROPIETARIO-TRABALLADOR-CLIENTE-USUARIO DE... / VECIÑO DESTA CONCELLO / OUTROS

desexo formular a seguinte

DATA E ASINADO --->

## ALEGACIÓN

á revisión do PXOM que está actualmente en fase de exposición pública, no que atinxe ás modificacións recollidas para o PERI-11 de Salgueiriños na área denominada ZL-3, con respecto ao proxecto aprobado definitivamente polo pleno do Concello o 29 de xullo de 1994 ao abeiro do plan xeral vixente ate o momento, expoñendo os seguintes

## MOTIVOS

1.- Considero que os elementos proxectados por D. Manuel Gallego Jorreto no devandito plan son todos eles necesarios para o desenvolvemento equilibrado da cidade e en particular para os barrios do norte que circundan este espazo, considerando moi negativa a supresión dos mesmos.

a. As 600 prazas de aparcadoiro público soterrado ligadas ao intercambiador de transportes (buses urbanos e taxi) serían un elemento fundamental para a cidade en dous aspectos:

- Imprescindibles para o acceso dos cidadáns en bus, turismo e taxi aos centros públicos do complexo administrativo (Deleg. de Facenda e futuro edificio de 30.000 m<sup>2</sup> da Xunta), ao equipamento municipal (UMAD, Bombeiros, e no futuro Policía Local e outros), a outras entidades (Centro COGAMI, edificio das asociacións, etc) e ás oficinas e comercios da zona (Edificio Witman, OF1 do SUNP-2 e baixos comerciais da Rúa Melide).
- Necesarios para unha política que fomente o acceso á cidade en transporte público, para as persoas que veñen periódica ou esporadicamente dende fóra.

b. A praza de usos múltiples de 5.000 m<sup>2</sup> (con 2.500 m<sup>2</sup> ao cuberto) destinada ao paseo, concertos, eventos culturais, feiras, etc., aportaría un elemento versátil e unificador de gran valor,

- fixando un centro de gravidade natural para as actividades sociais dos barrios da contorna (Guadalupe, Vilares, Meixonfrío, Mallou, Salgueiriños, Cancelas e San Caetano), e
- ubicando dun xeito definitivo a "feira dos xoves" nun espazo onde se poida celebrar este mercado en mellores condicións de orden e limpeza, ao resguardo da choiva e con aparcamento e transporte.

c. As zonas arboradas de carballeira e alameda, dispostas no eixo da valgada, constitúen unha masa forestal sobranceira que harmonizaría os diferentes usos da zona, invitando á veciñanza da contorna ao lecer e ao emprego da mesma, en contrapeso á forte actividade terciaria prevista.

2.- Esta praza de Salgueiriños, recóllese no PXOM como unha das 6 áreas pertencentes ao sistema xeral de espazos públicos (Praza do Parlamento de Galicia, do Auditorio, o Campus Universitario e dúas patrimonio da humanidade: a do Obradoiro e a Quintana), polo que xulgo que ha ser xestionada coa máxima sensibilidade, non cabendo derivacións a outros usos como o de vivenda.

Considero ademais de extrema gravidade, que na memoria do PXOM o cómputo dos espazos públicos presente unha medición falsa onde non se restan os 8.225 m<sup>2</sup> recualificados a vivenda no ZL-3 do PERI-11.

3.- Entendo que a recualificación para uso de vivenda, de 8.225 m<sup>2</sup> de terreo de titularidade municipal, pertencentes ao sistema xeral de espazos libres e zonas verdes publicas, vai en contra das intencións expresadas na propia memoria do PXOM no que se refire á cidade consolidada, citando que o plan *"lonxe de densificar novos aproveitamentos, céntrase na calidade e na diversidade dos usos"*.

4.- A supresión da carballeira, das prazas de uso múltiple e do intercambiador de transporte; e o incremento da intensidade de uso residencial, desvalorizan o importante investimento feito polos compradores de vivenda nesta zona na última década (moita dela promovida en cooperativa), estando esta ordenación aprobada polo Concello para a súa execución obrigatoria dende o ano 1994. Este cambio supón ás familias da zona un prexuízo inxustificable, tanto a nivel económico, como en calidade de vida para o futuro.

5.- Son centos os visitantes que semanalmente acoden en autobuses visitar a cidade, e que aparcando na explanada de Salgueiriños optan polo xantar campestre. E é verdadeiramente vergoñento asistir a cotío á escena desta xente teren que comer no asfalto, arrombados contra os cascallos urbanos e sen servizos hixiénicos de ningún tipo. A combinación de aparcadoiro, praza cuberta e arboredo, recollida no actual proxecto, semella ofrecer unha acertadísima solución a esto, e á altura dunha cidade da categoría de Compostela; polo que xulgo aínda máis desatinada a supresión destes elementos.

6.- Considero que as actuacións proxectadas por D. Manuel Gallego Jorroto en canto ao álveo do río Corgo procuran, mediante a apertura e recuperación deste tramo, completar e reforzar este corredor fluvial que discorre pola aba oeste da cidade dende a nascente en Meixonfrío ate o parque de Galeras onde se xunta co río Sarela. Frear este proxecto, dispoñendo a construción das vivendas e deixando na indefinición o restante da ZL-3, podería dar lugar ao soterramento definitivo de 300 m de traza dun río, sendo esto -á miña consideración- unha perda irreparable por unha xestión urbanística que, a falla doutras razóns que non figuran na memoria, cualificaría de cariz especulativo.

**Por todo o exposto, e á vista da cativa e trapalleira actuación técnica para este espazo, coa lamentable e irresponsable aprobación por parte dos grupos políticos gobernantes e a calada abstención da oposición; e, agardando dos nosos urbanistas e representantes unha actuación co compromiso e a calidade que lle cómpre á capital de Galiza, á súa egrexia arquitectura, e aos cidadáns en nome dos que actúan,**

## **SOLICITO**

que se manteña vixente a ordenación aprobada para o PERI-11 no Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) de 1989, e en particular o proxecto que o desenvolve, redactado por D. Manuel Gallego Jorroto e que foi aprobado definitivamente o 29 de xullo de 1994 polo Concello de Santiago, e

## **MANIFESTO**

a miña total adhesión ás alegacións e solicitudes que a este respecto formulan neste período de exposición a "Asociación de Veciños Alexandre Bóveda - Guadalupe - Monte de Vite" e máis a "Asociación de Veciños Casa Agraria de Meixonfrío".

En Santiago, a \_\_\_\_ de agosto de 2005.

Asdo.: \_\_\_\_\_

**ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**